

Nestes últimos anos a Confraría de Pescadores San Martiño de Bueu involucrouse en diferentes proxectos relacionados coa transmisión de coñecementos, divulgación da actividade pesqueira artesanal da zona e participación activa na mellora da xestión e explotación dos recursos pesqueiros e marisqueiros. A última singradura é BueuNforma.

Alberto Garazo. Técnico da Confraría de Bueu


BUEUINFORMA

PROXECTO DE FORMACIÓN PARA A DIVULGACIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA Á MOCIDADE E FORMACIÓN IN SITU (WORKPLACE LEARNING) A PESCADORES NO CONCELLO DE BUEU:

Que é?

BueuNforma é un proxecto de divulgación da cultura mariñeira e formación no seu posto de traballo (*in-situ*) para pescadores da Confraría de Bueu. Ademais pretende a mellora das capacidades de acción colectiva dos pescadores/as e mariscadores/as do Concello de Bueu. **BueuNforma** está cofinanciado pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, mediante a orde do 6 de marzo de 2007 pola que se establecen as

bases e se regula o procedemento de concesión de axudas para a realización de proxectos de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades pescadoras e o sector pesqueiro. Pretende ser un referente na divulgación da cultura mariñeira, un activo da sociedade galega, pouco coñecido e que é necesario transmitir. Un dos seus obxectivos é poder servir como soporte educativo para a realización de actividades sobre pesca responsable, cultura mariñeira, etc. a outros centros de ensino e confrarías



de Galicia. É por iso que **BueuNforma** está aberto á participación activa de calquera centro de ensino ou Confraría de Pescadores (inclúense aquí cooperativas, organización de produtores, asociacións, agrupacións, etc.).

Obxectivos:

Os Obxectivos xerais do proxecto son a execución de accións de promoción, formación e divulgación de:

- Pesca responsable.
- Boas prácticas ambientais na pesca.
- Comercialización.
- Diversificación económica do sector pesqueiro.
- Trazabilidade.
- Calidade de produtos pesqueiros.
- Organización sectorial
- Novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao mar.
- Identificación de riscos (Prevención aplicada).
- Xestión pesqueira (Reservas, protección, etc.)


Dirixido a pescadores, pescadoras, mariscadores, mariscadoras e esco-



lares do Concello de Bueu directamente, e indirectamente ao resto de persoas interesadas de Galicia mediante ferramentas en liña.

Acción I: Os adultos e o mar...

Os obxectivos preténdense lograr grazas á execución de tres accións (*gráfico*). A acción I corresponde á formación "in situ" a bordo das embarcacións dos pescadores/as ou nos seus principais sitios de traballo (o porto, a lonxa, etc.). Preténdese con iso recompilar as deficiencias formativas nos diferentes aspectos da actividade pesqueira e marisqueira dos participantes, informando e formando no lugar de traballo das melloras que se poderían realizar. O proceso leva unha importante fonte de retroalimentación de información para os pescadores e para o formador. Ao finalizar a acción as conclusións de cada embarque serán entregadas aos patróns e mari-



ñeiros de cada embarcación, xunto cunha publicación de información, divulgación e formación sobre os principais temas tratados no proxecto. A parte divulgativa do proxecto é moi importante, por iso en todos os embarques faise entrega dunha camiseta do proxecto aos participantes, así como unha foto de grupo realizada durante a acción. Preténdese con iso facerlles participes da actividade e involucralos nas actividades do proxecto.

Acción II: A toma de decisións...

O obxectivo xeral da acción II é incidir na mellora das capacidades de acción colectiva dos colectivos vinculados ao sector do mar no municipio, como potencialidade para a adaptación ao cambio e a mellora continua. As reunións ou asembleas no seo do sector pesqueiro galego son continuas. A toma de decisións é en moitos casos unha fonte de conflitos entre os integrantes



Fotografía cortesía de Gonzalo Macho



C/Avd. Montero Rios S/N (Edif. Lonxa)

36930 BUEU - Tlf: 98632 02 53 - Fax: 986 32 06 79

www.cofradiabueu.org

info@cofradiabueu.org

das reunións, o que supón un problema á hora de tomar decisións construtivas e rápidas. Ademais, as dinámicas seguidas nas reunións carecen dunha estrutura uniforme e na

maioría dos casos son poucas as voces que opinan, co que a toma de decisión realizase a partir dun número reducido de persoas. Polo tanto, é necesario mellorar todos


os aspectos relacionados coa toma de decisións e reunións do sector, en pos dunha mellor organización e en consecuencia unha maior responsabilidade extractiva.

Acción III: Os mozos e o mar...

O proxecto, dentro da acción III, iniciouse coa participación dos tres colexios de educación secundaria do Concello de Bueu: IES Johan Carballeira, IES Illa de Ons e o Colexio Virxe Milagrosa, involucrándose no proxecto de xeito moi activo. Nestes últimos

meses uníronse os centros de educación primaria e infantil: CEIP A Torre de Cela e CEIP A Pedra, onde se desenvolverán actividades relacionadas cos obxectivos do proxecto durante estes próximos meses. O colexio Montemogos de Beluso amosou tamén o seu interese.

A idea principal é facer chegar aos mozos escolares de Bueu, a realidade social da pesca, e con iso mellorar a visión dunha actividade que ocupa ao 30% da poboación activa do Concello. Preténdese apoiar ademais as diversas actividades que os colexios participantes se encontran realizando para coñecer e



BUEU
INFORMA

divulgar as boas prácticas ambientais, a pesca e o marisqueo en Galicia, o consumo de peixe, etc. En breve convocarase o concurso de Literatura Mariñeira no que poderán participar todos os mozos de infantil a bacharelato do Concello de Bueu. O devandito concurso conta coa colaboración da Asociación de Amigos Dos Barcos Tradicionais "Os Galos", que premiará aos autores dos mellores traballos cun paseo pola Ría nunha embarcación tradicional. As bases pódense consultar na web do proxecto, dentro do apartado de concursos. Os traballos serán públicos nesta web, onde os seus autores poderannos deleitar cos seus traballos.

Ao final **BueuINforma** pretende ser unha ferramenta para a mellora, intercambio de información e divulgación da pesca artesanal galega, transmitindo aos nosos mozos a cultura mariñeira e formando aos nosos pescadores/as en pesca responsable, con todas as implicacións que iso leva.

Para resolver calquera dúbida ou realizar achegas pode contactar a través de correo electrónico coa organización do proxecto (info@bueuinforma.org) ou coa Confraría de Pescadores San Martiño de Bueu, Tfno: 986 320253. Consultar tamén: <http://blogs.crtvg.é/milribeiras/?p=138>.



1967-2007

40 años de experiencia nos avalan.

Una larga trayectoria de evolución y mejora de nuestras técnicas para adaptarnos siempre a las necesidades de nuestros clientes.

Le ofrecemos una amplia gama de servicios:

- ✓ ISOTERMOS
Homologación del Ministerio de Industria.
- ✓ Fabricación y reparación de piezas de poliéster: defensas, alerones, etc.
- ✓ Soldadura termoplástica.

Avda. Freixo, 16 · Sárdoma · Vigo
Tlfn - Fax: 986 472030